

NUMAX

# PALMARÉS NOVOS CINEMAS

22 e 25 de setembro de 2017

NOVOS  
CINE—  
—MAS.

Festival Internacional de  
Cinema de Pontevedra.

## OCCIDENTAL

(2017, 73 min)

PASE ÚNICO EN NUMAX: 22.09.2017 | 20:20H | V.O.S.E.

## I TEMPI FELICI VERRANO PRESTO

(2016, 103 min)

PASE ÚNICO EN NUMAX: 25.09.2017 | 21:15H | V.O.S.E.

\* Sesións presentadas por Ángel Santos Touza, director artístico do Festival Novos Cinemas de Pontevedra



# 286

## OCCIDENTAL

[Neíl Beloufa, 2017]

**Dirección:** Neíl Beloufa

**Guión:** Neíl Beloufa

**Elenco:** Idir Chender, Anna Ivacheff, Paul Hamy, Louise Orry-Diquéro, Hamza Meziani, Brahim Tekfa

**Son:** Arnaud Ledoux

**Montaxe:** Ermanno Corrado

**Fotografía:** Guillaume le Grontec

**Música:** Grégoire Bourdeil, Alexandre Geindre

**Produtoras:** Bad Manners (Francia)

**Formato de proxección:** DCP2K

**Idioma orixinal:** Francés

### PREMIOS E FESTIVAIS

Novos Cinemas 2017 (Premio Xurado Novo Café Sabora), Hong Kong 2017 (Sección oficial)

### SINOPSE

No Hotel Occidental todo o mundo ten algo que esconder e cando Giorgio pretende pasar a noite na suite nupcial coa súa parella, a directora do hotel sospeita que en realidade o que pretende é cometer un crime. Chama a policía aínda sen ter probas mentres o hotel vai sendo sitiado polas protestas e os altercados que teñen lugar nos seus arredores.



# 287

## I TEMPI FELICI VERRANO PRESTO

[Alessandro Comodin, 2016]

**Dirección:** Alessandro Comodin

**Guión:** Alessandro Comodin, Milena Magnani

**Elenco:** Sabrina Seyvecou, Erikas Sizonovas, Luca Bernardi, Marco Giordana, Carlo Rigoni

**Son:** Felix Blume

**Montaxe:** Alessandro Comodin, João Nicolau

**Produtoras:** Okta Film, Rai Cinema (Italia), Shellac Sud, Arte France Cinéma (Francia)

**Formato de proxección:** DCP2K

**Idioma orixinal:** Italiano

### PREMIOS E FESTIVAIS

Novos Cinemas 2017 (Mención especial do xurado), Cannes 2016 (Semaine de la Critique), BAFICI 2016 (Vanguardia y género), Premios da Sociedade Internacional Cinéfila (mellor filme non estreado en 2016)

### SINOPSE

Tommaso e Arturo fuxiron, buscando refuxio no bosque. Décadas máis tarde, o bosque parece estar infestado de lobos, pero xusto nese lugar, Ariane descobre un estraño burato. Poderá Ariane ser a moza mencionada na lenda local que se conta no val? A razón pola que Ariane entrou no burato segue a ser un misterio. Todos lle engaden algo da súa propia colleita á historia, pero concordan nunha cosa: Ariane encontrouse co lobo.

## “Para o Festival é importante ter unha liña editorial”

**Entrevista con Ángel Santos**  
Por Pilar Comesaña

**A selección de Novos Cinemas contén filmes de primeiros autores e, porén, atopamos o talento non xa desde o primeiro filme, senón desde o primeiro plano.** Si, é bastante sorprendente. Aí mestúrase a nosa cinefilia coa capacidade para abraiarnos ante obras de cineastas case noveis, de primeiros ou segundos filmes, que son os que aceptamos a competición, e todos moi potentes visualmente. Desde a miña outra faceta, a de cineasta, quedo totalmente sorprendido.

**Son filmes potentes que destilan unha sensibilidade común á hora de mirar cara ao noso redor. Non sei se o director artístico ao seleccionar os filmes tamén pon un pouco o que lle gusta a el.** Si, hai unha mestura de cousas, por non son eu só, hai un equipo traballando

nesa selección co que hai sintonía. Mais si que é importante para o festival ter unha liña editorial, non facer só unha colección de filmes premiados senón algo que teña un senso conxunto. Unha idea de cinema. Sabemos sobre todo o que non nos interesa e iso fai que algunhas cousas se descarten soas. É curioso porque antes mirando as imaxes dos filmes da sección oficial decateime de similitudes que non tiñas tan presentes.

**Hai dúas españolas, *Los objetos amorosos* de Adrián Silvestre e *Verán 1993*, de Carla Simón. Dúas belezas.** Si, estamos moi ledos, hai moi boa colleita de cinema español. Hai veces que por datas ou por conexións e liñas temáticas determinados filmes non acaban de encaixar, mais xusto temos a sorte de que estas dúas películas cheguen en tempo e forma para Novos Cinemas. Da de Carla xa se está a falar moitísimo pero *Los objetos amorosos*, que é un pouco descoñecida, fráxil ou de difícil asimilación, é unha película moi sorprendente. Do que se viu en Sevilla é do que máis me chamou.

**Falemos agora de seccións novas, *Latexos*. Se as da Sección**

**Oficial son sensíbeis estas son as que che fan acelerar máis o pulso.** Si, aí fixemos o xogo cunha idea de Chris Marker en *Sans soleil* que falaba desas cousas que che fan bater o corazón. Hai unha serie de filmes que adoitan ter moitos problemas para entrar nos festivais e este ano tivemos a sorte de dar con elas, xoias que é importante dar a ver e que teñan cabida nun festival como o noso. Diríxense sobre todo ao público máis mozo do festival, composto entre outros por estudantes de Comunicación ou Belas Artes e que poderán descubrir moitas cousas no Novos Cinemas.

**Dime unha desa sección que non me podo perder.** É moi difícil, hai unha recomendación que xa foi a Play Doc, moi vencellada coa cidade que é *Una vez fuimos salvajes* de Carmen Bellas. É un filme precioso e ela é de Pontevedra. Pero a verdade é que non podería escoller só un dentro desta sección tan especial.

**É un documental sobre un barrio de Madrid...** Si, un retrato moi destes tempos no que aprendes moitas cousas que estamos a vivir.

**Máis cousas deste ano. Unha retrospectiva de Matías Piñeiro que inclúe un seminario.** Si, estamos moi felices. O ano pasado visitounos José Luis Guerín que é unha figura xa moi recoñecida no cinema, pero Matías Piñeiro é un exemplo deses novos cinemas polos que apostamos, un cineasta de trinta e poucos anos que ten feito xa seis ou sete longas e que non para de filmar baixo un sistema de produción pequeno pero moi fértil. Case todas son pezas shakespearianas e teñen un dinamismo e unha capacidade de reinvención que resulta moi sorprendente cando ves todos os filmes seguidos. Coido que ten un gran valor.

**No apartado formativo tamén está Cinema en Curso, unha iniciativa na que xa levas uns anos.** Toda a liña formativa é moi especial para nós. Cinema en Curso é unha das iniciativas que máis nos interesa, eu mesmo dou aulas dentro deste programa con outros cineastas como Marcos Flórez, Miguel Mariño ou Jaione Camborda, que están a traballar a prol na educación de novos espectadores ou cineastas.

Publicado en [www.crtvg.es/](http://www.crtvg.es/)